



CONCELLO DE
OLEIROS

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DIA TRES DE ABRIL DE 2024

No salón de sesións, sito no andar primeiro de Casa Charry, ás 20:00 h. do día 3 de abril de 2024, ten lugar sesión extraordinaria do Concello Pleno, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o alcalde, D. **Ángel García Seoane**, asistindo os membros da Corporación seguintes:

GRUPO MUNICIPAL “ALTERNATIVA DOS VECIÑOS” (A.V.)

- D^a Margarita Figueroa Vázquez.
- D. Pablo Cibeira Taboada
- D^a Aurora Belén Taboada Casal.
- D^a M^a Teresa Vázquez Maseda.
- D^a M^a José Santos Zas.
- D. Antonio Molinos Marcote.
- D^a Rosa M^a Méndez Gómez.
- D. Jaime Rumbo Mosquera.
- D^a Sandra Fernández Fernández
- D^a Marta M^a Martínez Martínez.
- D. Ramón Maceira Giadanes.

GRUPO MUNICIPAL “POPULAR” (P.P.)

- D^a M^a Dolores Silva Núñez.
- D^a Vanesa Domínguez de la Iglesia.
- D. Jorge Platas Casal.
- D. Antonio Javier Corredoira Alfonso.
- D. Jaime Cástor Núñez Cartelle.

GRUPO MUNICIPAL “SOCIALISTA” (PSdeG-PSOE)

- D^a M^a Carmen Acuña do Campo.
- D. Jesús Fernández Díez.

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

- D. Iván Roca Cruz.
- Non asiste:
- D^a M^a José Varela Neira, concelleira do grupo municipal “Alternativa dos Veciños”.

Da fe dos acordos tomados, D^a M^a Pilar Cela Álvarez, secretaria accidental do Concello. Faise constar que está tamén presente o interventor municipal, D. Vicente José Calvo del Castillo.

Logo de comprobar que concorre o quórum de asistencia que esixe o art. 46.2.c) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para que teña lugar validamente a sesión, o alcalde a declara aberta.





CONCELLO DE
OLEIROS

De seguido, procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día contida na convocatoria realizada a través do Decreto da Alcaldía nº 2024001549, de 25 de marzo, que son os seguintes:

- 1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión plenaria de 29 de febreiro de 2024.
- 2º.- Aprobación definitiva, se procede, do Estudio de Detalle da Parcela “C” do SUD-5 – Icaria IV, para división de dúas subparcelas (C1 e C2).
- 3º.- Dar conta do Decreto da Alcaldía nº 2024001275, de aprobación do marco orzamentario do Concello de Oleiros para o período 2025-2027.
- 4º.- Dar conta dos decretos da alcaldía e dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2024000923 ata o nº 2024001527.
- 5º.- Mocións, rogos e preguntas.

Punto 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión plenaria de 29 de febreiro de 2024

Consonte ó art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o alcalde pregunta se algún dos asistentes á sesión ten que formular algunha observación ou reparo ás actas que se achegaron para aprobar coa convocatoria desta sesión.

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando que entende que debido a un fallo técnico e á imposibilidade da grabación e transmisión do último pleno pola radio, non se realizou unha exposición na acta do acontecido con exactitude como se debera.

Así, no primeiro punto de aprobación da acta anterior, na súa intervención non só expuxo os erros detectados senón tamén os motivos que os levaron a votar en contra. Do mesmo xeito, solicitou a inclusión dos feitos acontecidos dun modo obxectivo.

Entende que se recollen as intervencións dun xeito inconcreto e incluso atribuíndo as súas palabras a outro concelleiro do seu grupo, desde o Partido Popular non terían problema ningún en facilitar as súas intervencións para solventar as dificultades que tivo a Secretaría para a redacción da acta por non dispór da grabación se así o solicitasen. Por isto, propón que se modifique ese punto e que noutra ocasión que volva acontecer o mesmo que se proceda á grabación con outros medios alternativos.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, manifestando que a Secretaría xa contestou en máis dunha ocasión que as actas non recollen todo o que aquí se fala, só propostas e acordos, e se hai algún tema que consideran que non se puxo deben falalo con ela.

A voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, dime a min secretaria, que logo dirame de que puntos falaba na súa intervención anterior.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando que unha vez mais pretenden someter á aprobación dos grupos da oposición un acta novelada si, pero censurada tamén. En definitiva, un acta que non é tal, xa que por definición un acta é unha relación escrita do sucedido, tratado ou acordado no Pleno e o que o equipo de goberno presenta a votación é un relato recortado, inexacto e interesado, que só intenta falsear a realidade do acontecido e para demostrar esta afirmación pon dous exemplos, que lle aconteceron a ela mesma.





CONCELLO DE
OLEIROS

No pleno de febreiro recolle a acta redactada que, nada máis iniciarse, e ante a gravidade dos feitos acontecidos, pediu a palabra por unha cuestión de orde; pero o alcalde, facendo gala do seu respecto pola democracia e ao que xa os ten acostumados, obrigoulle a tomar asento e ademais impediulle falar, pero dí que todo iso non se recolle no acta.

Neste intre o Alcalde, D. **Ángel García**, corta a intervención da voceira do grupo “socialista” e preguntalle se ten algunha obxección concreta a acta que se trae a aprobación, que non fale do acontecido en tempos pasados, solicitándolle que se ciña ó que se está a tratar, tal e como fixo a voceira do grupo “Popular” en canto a acta que se trae a aprobación.

Prodúcese un intercambio de opinións sobre este tema, no que o alcalde, Sr. **García**, solicita e insístelle á Sra. **Acuña**, voceira do grupo “Socialista”, que se ciña ao asunto e a acta que se achega a aprobación, ao que ésta responde que o alcalde non a entende e insiste en que o que expón é sobre a acta a aprobar, engadindo que o alcalde está impediéndolle o dereito a falar e explicar o seu sentido do voto.

Continúa en uso da palabra a voceira do grupo “Socialista” D^a **M^a Carmen Acuña**, poñendo un segundo exemplo para demostrar a súa opinión de que a acta anterior era unha acta novelada e censurada pero ese verbo, censurar, desapareceu. Descoñece de quen é a culpa dos erros da acta, o que sí saben todas e todos é a quen benefician eses erros, indudablemente que ó alcalde, polo que insiste en que non é unha acta senón un relato interesado. Ademais, considera que esa acta amosa unha absoluta falla de respecto e desprezo polo traballo realizado polos grupos da oposición, tal e como demostra que a súa intervención aparece como feita pola voceira do grupo “Popular” e pensa que non foi un debate fácil senón importante, porque se estaba a falar da modificación do Regulamento Orgánico Municipal (ROM), non era un asunto banal e manifesta que esta acta amosa unha interesada inoperancia, porque existen recursos tecnolóxicos suficientes e doados de conseguir a redacción da acta, que permitirían grabar en audio e tamén en imaxe.

Interrompe a intervención o **Alcalde** e preguntalle novamente a voceira do grupo “socialista” que diga cal é a observación concreta a acta ou senón retiraralle a palabra e pasarán a votación.

A voceira “socialista”, D^a. **Carmen Acuña** contesta que, quere facer unha observación e solicítalle ao alcalde que non se poña nervioso pasando xa a votación da acta. Insiste en que non rematou a súa intervención e quere que pola secretaria se recollera textualmente quen fixo a intervención.

Retíralle a palabra o Alcalde a voceira do grupo “socialista” e da por rematado o turno de intervencións.

Da orde do alcalde, pásase de seguido á votación do asunto, tendo en conta o manifestado pola voceira do Grupo “Popular” e “socialista” en canto os erros da acta, que se correxirán e se aproba con ditas correccións, amosándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (once (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG); **cinco (05) abstencións** do grupo municipal “Popular” e **dous (02) votos en contra**





CONCELLO DE
OLEIROS

(dous (02) do grupo municipal “Socialista”, o Concello Pleno aproba a acta da *sesión plenaria que tivo lugar o día 29 de febreiro de 2024*.

Punto 2.- Aprobación definitiva, se procede, do Estudo de Detalle da parcela “C” do SUD-5 – Icaria IV, para división de dúas subparcelas (C1 e C2).

Expón o asunto a concelleira do grupo municipal “Alternativa dos Veciños”, D^a **Margarita Figueroa**, dicindo que este punto trata dun documento urbanístico que o que busca é resolver axeitadamente as aliñacións e rasantes, así como definir o volume máximo a edificar na citada parcela; unha versión definitiva que ven sendo a mesma que a aprobada inicialmente, posto que non houbo alegacións no período de exposición pública.

Trátase simplemente de establecer as rasantes e aliñacións, para saber dende onde se miden as alturas e ata onde chegan as parcelas e as rúas, conta con todos os informes favorables, polo que se achega para a súa aprobación definitiva que, de acordarse, procede dilixenciar o documento como redacción definitiva, publicación do acordo no DOGa, no BOP, e na Web municipal solicitando da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda que proceda á inscrición do Estudo de Detalle no Rexistro de Planeamento de Galicia.

Intervén a voceira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando que o seu grupo vaise abster porque este asunto é unha mostra máis de que estas sesións plenarias están baleiras de contido, porque tense delegado todo na Xunta de Goberno Local e agora as sesións plenarias non son máis que, un dar conta dos Decretos por mor da maioría absoluta que detenta o goberno municipal.

Intervén o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, explicando que se achega a aprobación definitiva do Estudo de Detalle desta parcela en Icaria IV para subdividila en dúas subparcelas, e antes de expresar o seu sentido do voto, quere facer unha breve análise.

Primeiro, o goberno municipal segue apostando por un modelo de urbanismo horizontal, que obriga ao uso do coche para todo; segundo, seguimos con proxectos e xestións esgotadas, sin ideas, que non son capaces de dar resposta ao problema de vivenda dos nosos mozos aos que o seu concello de nacemento está a expulsar. e terceiro, este sábado vaise inaugurar un parque de 20.000 m² en Santa Cruz e o que nun principio é moi boa noticia, mágoa que serva para agochar que a escasos metros estragarase unha zona verde sete veces maior.

Neste intre o Sr. Alcalde interrope a intervención do concelleiro do grupo “socialista”, lembrándolle ó concelleiro antes intervinte que se debe ceñir ao asunto de Icaria ao que o Sr. **Fernández**, contéstalle que está a falar de Icaria e pregúntalle ao alcalde, se neste caso concreto, para estas parcelas C1 e C2 van ter poder adquisitivo os mozos de Oleiros para poder mercalas, ese é problema, alcalde e membros do grupo de goberno, polo que o seu grupo non pode apoiar esta modificación porque aposta por este modelo de Icaria levándoo a outros lugares de Oleiros, non poden apoiar un urbanismo excluínate, que está rematando co lugar de residencias dos nosos fillos e fillas e que impide que poidan seguir vivindo en Oleiros.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando que cando hai novas urbanizacións significa máis xente, máis saturación por iso piden ao Concello que contacte coa Xunta de Galicia para pedir atención aos





CONCELLO DE OLEIROS

eidos que xa son deficitarios como sanidade e educación. Este incremento de poboación agravará esta situación e significará un incremento de poboación importante, sobre todo, na tempada de verán.

Tamén lles preocupa que se vai facer un vial cara ó enésimo supermercado, neste caso un ALDI, alumado, augas, saneamento e con acceso a urbanización Icaria IV, onde se prevé a construción de 200 novas vivendas, ademais de edificios de uso terciario. ¿Cantos viais se ten previsto construír nesta zona?.

Contéstalle o alcalde, D. **Ángel García**, que o que se prolonga é o vial existente, o principal que xa está agora construído segue e desemboca en Telefónica.

Intervén novamente o voceiro do BNG, Sr. **Roca**, preguntando se non hai dous viais previstos, insistindo o alcalde, Sr. **García**, que só hai un vial principal e logo rúas para acceder ás parcelas.

Continúa o alcalde, D. **Ángel García**, explicando que, entendería as intervencións de queixa por novas urbanizacións se non houbera un plan xeral, que xa o dixo en moitas ocasións, aquí haino e grazas a iso o concello ten un desenvolvemento sostible, patrimonio para construír vivendas de protección, sendo o único concello en Galicia que leva feitas 754 vivendas de protección oficial de prezo taxado desde que goberna a Alternativa dos Veciños, vivendas para familias con poucos recursos e isto pasa só en Oleiros, nos demais municipios non se fan. Houbo un tempo no que promovía vivendas a Xunta de Galicia, pero deixou de facelo e neste momento estan pensando se as van volver facer, pero non hai nada claro de momento. Neste intre, o único que vai facer vivendas de protección é o Concello de Oleiros. Estes días estase anunciando desde este concello que se van sacar 54 vivendas de protección e isto é grazas a ter solo municipal.

Esta urbanización de Icaria tamén ten que ceder solo para que se fagan vivendas de protección, como en todas as outras. Polo que hai para todos, os que teñen cartos e os que non teñen e na mesma urbanización, sen distincións, non os que teñen cartos nun lado e os outros noutro, aquí están todos xuntos e así socializamos o municipio e facemos convivir ás persoas, aínda que a algún non lle interese.

Cando se levou a cabo Icaria I algúns decían que era unha urbanización de elite, alí non vivían cidadáns de segunda nin de terceira, eran todos de primeira clase. Hoxe en Icaria fanse vivendas de protección como se fixo na segunda fase con corenta e tantas vivendas, os dous bloques que están na zona do parque, no mellor sitio da urbanización. Esta é política social e de vivenda que so fai un concello como Oleiros, déixense de demagogia con este tema.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 19 de marzo de 2024, acadándose o resultado de **doce (12) votos a favor** do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e **oito (08) abstencións** (cinco (05) do grupo municipal “Popular”, dúas (02) do grupo municipal socialista e unha (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG)

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:





CONCELLO DE
OLEIROS

“Con data 11 de marzo de 2023, a coordinadora de servizos urbanísticos do Concello de Oleiros emite un informe xurídico coa sinatura de conformidade da persoa que ocupa a Secretaría municipal, do seguinte teor literal (*transcripción literal parcial*):

“

1. OBXECTO DO INFORME

EXPEDIENTE	2023/PLANEAM/000010 (FG núm. 725)
DENOMINACIÓN	Estudo de detalle da parcela C do SUD-5 “Icaria IV”, dividida en dúas subparcelas C1 e C2
ENTIDADE PROMOTORA	Inversiones inmobiliarias Lucorma, S.A. (A-70.024.773)
ENTIDADE REDACTORA	Fernández Carballada e Asociados, S.L.P.
ÁMBITO DO ESTUDO DE DETALLE	O ámbito do Polígono correspóndese coas parcelas catastrais 1679618NH5917N0000MS e 1679619NH5917N0000OS.
DATA E NRE REDACCIÓN INICIAL	NRE 2023024111, de 21 de decembro
DATA E NRE REDACCIÓN DEFINITIVA	NRE 2023024111, de 21 de decembro

2. ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

INFORME DO ARQUITECTO MUNICIPAL	12 de xaneiro de 2024, favorable
APROBACIÓN INICIAL	Decreto 2024000278, de 22 de xaneiro
INFORMACIÓN PÚBLICA E NOTIF. PERSOAS TITULARES	DOG núm. 20, de 29 de xaneiro de 2024 Diario La Opinión, de 25 de xaneiro de 2024
ALEGACIÓNS	Non se presentan alegacións
PRESENTACIÓN DA VERSIÓN DEFINITIVA	NRE 2023024111, de 21 de decembro
GARANTÍA ESIXIDA	Non procede

3. NORMATIVA APLICABLE

- Arts. 76,79 e 80 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Arts. 159,160, 187, 192, 193 e 194 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

4. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

a. Obxecto e contido do estudo de detalle





Dentro da categoría de outras figuras de planeamento a normativa urbanística vixente recolle a figura dos estudos de detalle. Así, estes poderán desenvolver o propio PXOM ou un plan parcial ou especial. En canto aos obxectivos, poderán ser calquera dos seguintes:

- a) Completar ou reaxustar as aliñacións e rasantes*
- b) Ordenar os volumes edificables*
- c) Concretar as condicións estéticas e de composición das edificacións complementarias do plan*

Os estudos de detalle non poderán nalgún caso:

- a) Alterar o destino urbanístico do solo.*
- b) Incrementar o aproveitamento urbanístico.*
- c) Reducir as superficies destinadas a viais, espazos libres ou dotacións públicas (inclúe equipamentos públicos, infraestruturas, viais e espazos libres)*
- d) Prever a apertura de vías de uso público que non estean previamente contempladas no plan que desenvolvan ou completen.*
- e) Aumentar a ocupación do solo, as alturas máximas edificables ou a intensidade de uso.*
- f) Parcelar o solo.*
- g) Non ter en conta ou infrinxir as demais limitacións que lles impoña o correspondente plan.*
- h) Establecer novos usos e ordenanzas.*

Os estudos de detalle conterán os documentos xustificativos dos extremos sobre os que versen e, como mínimo, os seguintes:

- a) Memoria xustificativa da conveniencia da súa redacción, e explicativa das solucións adoptadas e da súa adecuación ás previsións do plan que complementen, así como do cumprimento das esixencias legais e regulamentarias que lles sexan de aplicación.*

Cando se modifique a disposición de volumes efectuarase un estudo comparativo da superficie edificable resultante por aplicación das determinacións previstas no plan e das que se obteñen no estudo de detalle, xustificando o cumprimento do disposto no punto 2 do artigo anterior deste regulamento.

- b) Planos de información da ordenación pormenorizada do ámbito afectado segundo o plan vixente.*
- c) Planos de ordenación a escala adecuada e, como mínimo a 1:500, que expresen as determinacións que se completan, modifican ou reaxustan, con referencias precisas á nova ordenación e a súa relación coa anterior, e análise gráfica dos volumes ordenados, no seu caso, comprensivo do seu ámbito e da súa contorna.*
- d) Calquera outro documento que poida contribuír á xustificación da proposta.*

A documentación do estudo de detalle formalizarase, como mínimo, nunha copia de todo o seu contido en soporte dixital que será entregada á Administración correspondente.

O cumprimento dos requisitos técnicos e de contido expostos foi comprobado polo informe do arquitecto técnico mencionado nos antecedentes administrativos que figuran neste informe.

b. Tramitación do estudo de detalle

i. Iniciativa

Os estudos de detalle poderán ser formulados polas seguintes entidades:

- Os concellos
- A Administración autonómica
- Outros órganos competentes no ámbito urbanístico





CONCELLO DE OLEIROS

- *Polas particulares lexitimadas para facelo (artigo 80.1 da LSG): deberá acreditarse pola entidade promotora a aceptación polos propietarios ou propietarias que representen máis do 50% da superficie do ámbito de planeamento (artigo 66.b) da LSG).*

Nestes casos, o documento deberá determinar a obrigación de conservación da urbanización, expresando se correrá a cargo do municipio, das futuras persoas ou entidades propietarias das parcelas ou das entidades promotoras da urbanización (artigo 66.a) da LSG).

No caso de que a obrigación de conservación da urbanización corra a cargo das futuras persoas ou entidades propietarias das parcelas ou das entidades promotoras da urbanización, indicárase o período de tempo ao que se estenderá dita obrigación.

No caso que nos ocupa, trátase dun estudo de detalle formulado pola promotora que se sinala no apartado 1 deste informe, e consta no expediente a lexitimación para presentar o devandito estudo.

ii. Aprobación inicial e información pública

Os estudos de detalle serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública por prazo mínimo dun mes mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, notificarase individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados. No seu caso, solicitaranse os informes sectoriais preceptivos. Para o caso que concorre, non foi necesaria a solicitude de informes.

O órgano competente para a súa aprobación inicial é a Alcaldía, en aplicación do artigo 21.1.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. Este estudo de detalle foi aprobado inicialmente mediante a resolución que se cita no apartado segundo deste informe, e levouse a cabo o trámite de información pública e as notificacións pertinentes consonte ao exposto no devandito apartado do informe.

Ha de terse en conta tamén que, en atención ao establecido no artigo 3.3.d).7º do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico do persoal funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional, é preceptivo o informe da Secretaría municipal para a aprobación, modificación ou derogación de convenios e instrumentos de planeamento e xestión urbanística como o que nos ocupa. Sinala o artigo 3.4 do citado Real Decreto que a emisión do informe da Secretaría poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes que fosen emitidos polos servizos do propio Concello e que figuren como informes xurídicos no expediente

iii. Aprobación definitiva

Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobará o estudo de detalle definitivamente, coas modificacións que resultasen pertinentes (artigo 80.2 da LSG). De conformidade co artigo 22.2 c) da Lei de Bases de Réxime Local, corresponde ao Pleno a aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, así como os convenios que teñan por obxecto a alteración de calquera dos devanditos instrumentos.

No caso que nos ocupa, non se presentou ningunha alegación no trámite de información pública, polo que se mantén a versión que se presentou ao trámite de aprobación inicial.

Por outra banda, coa aprobación definitiva do instrumento, haberán de levarse a cabo as seguintes xestións administrativas para dar por finalizada a tramitación do estudo detalle:





CONCELLO DE
OLEIROS

1. *Dilixenciar o documento, indicando o número e data de entrada e deixando definido cal é o documento aprobado definitivamente.*
2. *Proceder, no prazo dun mes, á publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia o apartado 4 de ORDENACION URBANISTICA PROPOSTA, páxinas 11 a 17 (ámbalas dúas incluídas), que constitúen o contido da normativa do Estudo de Detalle*
3. *Solicitar da Consellería de MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA, que proceda á inscrición do Estudo de Detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 88 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, artigo 212 do Decreto 143/2016 e Orde de 10 de marzo de 2017, pola que se establecen os modelos normalizados de solicitudes para a inscrición, modificación e certificación de datos no Rexistro de Planeamento urbanístico de Galicia.*
4. *Publicar na web municipal o acordo de aprobación definitiva e o documento aprobado.*
5. *Notificar ao promotor e ao equipo redactor.*

Para finalizar, hase de ter en conta que o Estudo de Detalle é unha disposición xeral, polo que contra o mesmo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ao da publicación desta disposición.

(...)”

Así, e vistas as conclusións do informe transcrito, nas que se indica que concorren os requisitos técnicos e xurídicos para a aprobación do estudo detalle indicado, propónse que o Pleno do Concello de Oleiros adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobado definitivamente o estudo de detalle que a continuación se identifica:

EXPEDIENTE	2023/PLANEAM/000010 (FG núm. 725)
DENOMINACIÓN	Estudo de detalle da parcela C do SUD-5 “Icaria IV”, dividida en dúas subparcelas C1 e C2
ENTIDADE PROMOTORA	Inversiones inmobiliarias Lucorma, S.A. (A-70.024.773)
ENTIDADE REDACTORA	Fernández Carballada e Asociados, S.L.P.
ÁMBITO DO ESTUDO DE DETALLE	O ámbito do Polígono correspóndese coas parcelas catastrais 1679618NH5917N0000MS e 1679619NH5917N0000OS
DATA E NRE REDACCIÓN DEFINITIVA	NRE 2023024111, de 21 de decembro

SEGUNDO.- dilixenciar o documento identificado no apartado anterior como “redacción definitiva”, e archivar tódolos documentos presentados con anterioridade.

TERCEIRO.- Proceder, no prazo dun mes, á publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia o apartado 4 de ORDENACION URBANISTICA PROPOSTA, páxinas 11 a 17 (ámbalas dúas incluídas), que constitúen o contido da normativa do Estudo de Detalle.

CUARTO.- Solicitar da Consellería de MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA, que proceda á inscrición do Estudo de Detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 88 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, artigo 212 do Decreto 143/2016 e Orde de 10 de marzo de 2017, pola que se establecen os modelos normalizados de solicitudes para a inscrición, modificación e certificación de datos





CONCELLO DE OLEIROS

no Rexistro de Planeamento urbanístico de Galicia.

QUINTO.- Publicar na web municipal o acordo de aprobación definitiva e o documento aprobado.

SEXTO.- Notificar ao promotor e ao equipo redactor, así como as persoas interesadas.

SÉTIMO.- O Estudo de Detalle é unha disposición xeral, polo que contra o mesmo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ao da publicación desta disposición.”

Punto 3.- Dar conta do Decreto da Alcaldía nº 2024001275, de aprobación do marco orzamentario do Concello de Oleiros para o período 2025-2027

Tódolos concelleiros e concelleiras asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* do Decreto da Alcaldía nº 2024001275 de aprobación do marco orzamentario do Concello de Oleiros para o período 2025-2027.

Punto 4.- Dar conta dos Decretos da Alcaldía e dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2024000923 ata o nº 2024001527

Todas as concelleiras e concelleiros asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* dos Decretos da Alcaldía e das Resolucións dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2024000923 ata o nº 2024001527.

Punto 5.- Mocións, rogos e preguntas

- **mocións**

Polo alcalde, D. **Ángel García**, sinálase que hai catro mocións, unha moción do grupo municipal “Popular”, dúas do grupo municipal “Socialista” e outra do BNG, porque as outras dúas mocións que presenta o grupo “Socialista”, non teñen carácter de moción, porque ao pleno só se poden traer asuntos de pleno e estas dúas que lles chaman mocións, non son asuntos de pleno polo tanto non se tratarán. A continuación o Alcalde diríxese ao grupo “Popular” indicándolle que pode expoñer a súa moción.

5.1.- Moción do goberno municipal “Popular” sobre colocación dunha imaxe da S.M. O Rei no salón de plenos.

Procede a lectura da moción o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Antonio Corredoira**:

“Moción para que se acorde a colocación dunha imaxe da S.M. O Rei no salón de Plenos.

O artigo 85 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais establece a obrigatoriedade de colocar nun lugar preferente do salón de sesións onde se celebran os plenos, unha efíxie da S.M. O Rei.

O Tribunal Supremo en sentenza de 28/06/2021 e outras, confirma que o Regulamento que obriga a colocar a efíxie do Rei nos concellos é unha norma básica que atañe a símbolos do Estado en canto que se ordene que, en todos os municipios, en lugar preferente e no lugar en que se reúne o seu máximo órgano –o Pleno–, esté presente o símbolo da forma política do Estado español, facendose visible que o poder local se exerce en coherencia con esa forma política. Non se debe esquecer que os municipios, segundo o art. 137 da Constitución, son elementos da organización territorial do Estado. A súa autonomía, garantida por ese e outros preceptos constitucionais atopa o seu sentido no seno desa organización.





CONCELLO DE
OLEIROS

O Concello está incumprindo esta obriga, mentras temos en lugar preferente una escudo non aprobado pola autoridade competente.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Oleiros, propon ao pleno adoptar o seguinte acordo: "En cumprimento da lexislación vixente acórdase colocar, de xeito inmediato e nun lugar peferente deste salón de plenos, unha efixie ou imaxe do Xefe do Estado."

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado de **oito (08) votos a favor** (cinco (05) do grupo municipal "Popular"; dous (02) do grupo municipal "Socialista" e un (01) do grupo municipal "Mixto"-BNG) e **doce (12) votos en contra** (doce (12) do grupo municipal de "Alternativa dos Veciños").

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *rexear* a moción presentada polo grupo municipal "Popular".

5.2.- Moción do goberno municipal "Socialista" relativa á estabilidade orzamentaria

Procedea lectura da moción a voceira do grupo municipal "Socialista", D^a. **M^a Carmen Acuña**:

"Moción relativa a Estabilidade Orzamentaria.

O pasado mes de outubro, o Concello de Oleiros, aprobou os orzamentos para o ano 2024, condicionados á marxe orzamentaria financeira que se establecera posteriormente, nos Orzamentos Xerais do Estado.

O Consello de Ministros de 12 de Decembro do 2023 aprobou un acordo polo que se fixaban os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das Administracións Públicas e de cada un dos seus subsectores para o periodo 2024-2026 aplicando o art. 15 da Lei 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Nese acordo se establecía un obxectivo de déficit para todas as Administracións do Estado do 3% do PIB no 2024, do 2,7% no 2025 e do 2,5% no 2026. Acordo, que recibiu o visto e prace de Bruxelas, e que marca para as Entidades Locais un superávit orzamentario de +0,2%.

Pero o Goberno do Estado seguiu buscando e traballando para conseguir unha maior marxe de financiamento para as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, dado que son estas administracións as que garanten o estado do benestar, ao prestar os servizos públicos básicos, por ser as mais próximas á cidadanía.

Deste xeito, fronte ao obxectivo inicial de equilibrio orzamentario, a proposta plantexada polo Goberno do Estado, a través da Comisión Nacional de Administración Local para os concellos e outras entidades locais é que non terían que acadar un superavit do 0,2% en 2024, colocándoas así en equilibrio orzamentario.

Pero a pesar da flexibilidade que para as comunidades autónomas e as entidades locais significan estas medidas, o Partido Popular tanto no Congreso dos Deputados como no Senado, uniu os seus votos cos da extrema dereita para rexear estes acordos, a pesar do grave prexuízo que supón para os gobernos autonómicos e locais.

E dicir, que o PP vota en contra dun acordo do goberno do estado que perxudica claramente os intereses económicos do noso concello e, polo tanto, aos 37.271 habitantes de Oleiros.

Considerando que o Concello de Oleiros ten unha debeda de 2 millóns catrocentos mil euros, sendo o terceiro concello da provincia con maior débeda solo detrás da Coruña, cidade e de Santiago, o voto en contra do PP que imposibilita colocalo no equilibrio orzamentario provova un prexuízo moi importante para todos os veciños e veciñas do noso pobo que todos e todas debemos coñecer e denunciar alto e claro.

Esa decisión do PP provocará por tanto unha redución da capacidade de gasto no Concello de Oleiros, nas súas contas públicas, que terán que pasar a contemplar un superávit do 0,2% en 2024.





CONCELLO DE
OLEIROS

Por todo o exposto dende o Grupo Municipal Socialista do Concello de Oleiros, solicitamos dos demais grupos municipais que apoien os seguintes acordos:

- 1) Que o Concello de Oleiros manifeste o seu apoio público ao Acordo de goberno polo que se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de debida pública para o conxunto das administracións públicas e de cada un dos seus subsectores para o período 2024-2026 así como o Plan de reequilibrio elaborado polo goberno do Estado, que contempla o equilibrio orzamentario na administración local para 2024.*
- 2) Instar ao goberno municipal a informar sobre as previsibles consecuencias do boicot do PP á senda da estabilidade nos orzamentos municipais."*

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, anunciando que considera que non ten carácter de uxente esta moción, aínda que considera lamentable algunha das manifestacións realizadas por algún membro desta Corporación dicindo que Oleiros era un dos concellos máis endebedados de Galicia cando a realidade é a contraria, Oleiros é un dos concellos do Estado máis saneados economicamente falando, menos mal que o goberno do Estado en nada se parece ós membros do grupo "Socialista" deste concello, xa tomaron cartas no asunto e xa está aprobada esta medida.

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado de **oito (08) votos a favor** (dous (02) do grupo municipal "Socialista"; cinco (05) do grupo municipal "Popular" e un (01) do grupo municipal "Mixto"-BNG) e **doce (12) votos en contra** (doce (12) do grupo municipal de "Alternativa dos veciños")

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *rexear* a moción presentada polo grupo municipal "Socialista".

5.3.- Moción do goberno municipal "Socialista" relativa á brecha salarial e laboral da muller

Expón a moción a voceira do grupo municipal "Socialista", D^a. **M^a Carmen Acuña**:

"Moción relativa á Brecha Salarial e Laboral da Muller.

Empezar esta Moción agradecendo a secretaria de igualdade de UGT o traballo realizado e a sensibilidade amosada, dende sempre, ante este problema e grazas por ternos facilitado estes datos.

Segundo Eurostat, analizando salario/hora a brecha salarial media entre homes e mulleres, na Unión Europea, está no 12,7% en España no 8,9% e segundo o INE nas mulleres galegas nun 9,33%. Lamentablemente as mulleres galegas están percibindo neste ano 2024, un salario medio similar ao que percibían os homes galegos no ano 2077/2008.

Pero agora o falar de brecha, vaise máis alá das retribucións, máis alá da brecha salarial. Aogra se analiza a brecha laboral, que se calcula tendo en conta os salarios e as súas diferenzas, pero tamén a discriminación laboral, ou sexa o número de horas traballadas, o tipo do contrato, o teito de cristal, a dificultade para conciliar etc...e con todos estes datos, estimase que a brecha laboral das mulleres galegas vaise máis alá dun 19%.

Ademais estas diferenzas nos traballos e nos salarios non dependen do nivel de formación pois con igual formación, as mulleres perciben tamén salarios inferiores aos dos homes. Unha muller para percibir unha cantidade superior aos 19.519,97 euros que un home ingresa tendo só estudos primarios, necesita ter unha Diplomatura Universitaria ou similar.





CONCELLO DE OLEIROS

E estas diferenzas se comprobaban en todos os tramos de idade da muller e incluso cando analizamos a prestación por desemprego, inferior nas mulleres nun 8,5% ou as pensións de xubilación, un 34,2% menores nas mulleres que as que perciben os homes na nosa comunidade.

Tamen sabemos que a brecha salarial nas empresas de control público é moito menor, situándose nun 6,6% fronte ao 30,4% que atopamos nas empresas de control privado. E sabemos tamen que o Concello de Oleiros ten un plan de igualdade en vigor, o segundo, no que se fala de corresponsabilidade e de incluír cláusulas para a igualdade entre homes e mulleres na contratación municipal e nas subvencións.

Pero nese plan tamén se compromete o Concello a posta en marcha de accións de sensibilización para a igualdade entre homes e mulleres a través de Radio Oleiros, cando nesa radio traballan tres persoas e resulta que todos, os tres, son homes o dito doutra forma se pretende sensibilizar en igualdade a través dunha radio onde para empezar non traballa ningunha muller.

Pois ben ante a brecha salarial e laboral, situación tan necesitada de mellorar, todos e todas debemos colaborar e o Concello de Oleiros tamén.

Na declaración universal aprobada por unanimidade no pleno pasado se recollía “porque foron somos e porque somos serán” por iso, esperamos contar, hoxe, co apoio de todos os grupos as nosas propostas que só buscan seguir avanzando instando ao Concello de Oleiros a que poña en marcha os seguintes acordos:

- 1. Que se inicie un estudo para medir e analizar a división de xenero e a brecha salarial no Concello de Oleiros que debe estar listo o finalizar o ano, para poder incorporalo no balance previsto do plan de igualdade vixente, que nos indique entre outras cousas a representatividade home muller nos distintos postos de traballo do Concello.*
- 2. Que de forma inmediata, se poñan medidas para acabar coa feminización xa coñecida de determinados postos e que se potencie a integración da muller nos postos de traballo nos que ata o de agora esta infrarepresentada, e que este concepto figure nas bases de contratación do concello para a prestación de servizos e traballos coas empresas alleas.*
- 3. Que se facilite a conciliación tanto para os homes como para as mulleres e que se potencie a corresponsabilidade dos empregados e empregadas do concello de oleiros*
- 4. Que se incremente a presenza de mulleres na radio oleiros para que resulte máis paritaria.”*

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando en primeiro lugar que a moción non é uxente, Oleiros conta cun Plan de Igualdade desde hai moito tempo, levan traballando a prol deste problema desde sempre porque este goberno municipal sempre amosou moita sensibilidade con este asunto.

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado de **oito (08) votos a favor** (dous (02) do grupo municipal “Socialista”; cinco (05) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **doce (12) votos en contra** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *rexear* a moción presentada polo grupo municipal “Socialista”.

Antes de que prosiga a sesión, solicita a palabra e intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando que mentres non estea aprobada definitivamente a modificación do ROM, o seu grupo ten dereito a ler o texto das mocións presentadas e o goberno municipal coa súa maioría absoluta pode declinar que se debatan, pero o que non poden é coartar o seu dereito a darlle lectura porque non contan cun amparo legal para facelo,





CONCELLO DE
OLEIROS

polo que debería deixar ler o texto das mocións, pode entender que non queira que se dea lectura á moción sobre as homilías súas nas diferentes emisoras de radio ou a problemática sobre os servizos que existen en Oleiros...

Neste intre o alcalde, D. **Ángel García**, retíralle a palabra ó concelleiro do grupo "Socialista", Sr. **Fernández**, dicíndolle que os asuntos que non sexan de competencia plenaria non se van nin tratar, nin ler, non pode vir a este plenario a facer ou ler o que lles dá a gana.

5.4.- Moción do grupo municipal "Mixto"-BNG relativa á modificación da Ordenanza Municipal das Medidas de Inclusión Social do Concello de Oleiros.

Expón a moción o concelleiro do grupo municipal "Mixto-BNG", D^a. **Iván Roca**:

"Moción relativa á Modificación da Ordenanza Municipal das Medidas de Inclusion Social do Concello de Oleiros.

O Boletín Oficial da Provincia da Coruña do 24.08.2021 publica o texto íntegro da Ordenanza Municipal das medidas de inclusión social do Concello de Oleiros, data na que entrou en vigor.

Tal e como di na exposición dos motivos, a devandita ordenanza intenta dar resposta ás necesidades da poboación e artella unha serie de axudas destinadas a previr e/ou paliar situacións de vulnerabilidade para garantir a inclusión social.

As medidas que contempla son as seguintes: axudas económicas; apoio na alimentación e na hixiene persoal e doméstica; prestación farmacéutica; prestacións de apoio ao comedor escolar; bonificación nos prezos públicos das actividades municipais; e o Fondo de axuda europea para as persoas máis necesitadas (FEAD).

*O artigo 4 recolle os **requisitos xerais** para acceder ás axudas. Entre estes, no apartado c), recóllese o seguinte: non superar a suma de ingresos da unidade familiar o límite establecido para cada unha das medidas. E continúa: A determinación das contías límites de acceso teñen como referencia unha porcentaxe do IPREM establecido para cada ano, distinta en cada unha das medidas.*

*Isto concrétase no desenvolvemento da ordenanza; así, os artigos 11, 14, 18, 20, 22 e 24 establecen os límites para cada unha das 6 axudas que se contemplan. En todos os casos, reiteramos, **este límite actualízase conforme o IPREM anual vixente en cada momento.***

*Así, no remate da ordenanza, figura o **Anexo I**, que recolle os límites dos ingresos para acceder a cada unha das axudas, en base ao IPREM do ano no que se publicou.*

*Os apartados d) e e) contemplan as **contías que poden descontarse dos límites** por dous motivos: polos gastos do alugueiro ou hipoteca da vivenda habitual; e polo pagamento acreditado das pensións de alimentos para os fillos e/ou as fillas. No primeiro dos casos, o límite establece unha contía fixa en tres tramos, en función do número de persoas que compoñen a unidade familiar; non se establece ningún mecanismo para actualizar esta contía en base ao IPREM ou a outro indicador.*

*O artigo 9 recolle o **importe máximo anual do conxunto das axudas concedidas nunha unidade familiar (1.000 euros)**. Tampouco contempla ningún mecanismo de actualización desta contía nin, como si facía o artigo 4.d), ningún tramo que estableza importes diferentes en función do número de persoas da unidade familiar. Tan só contempla, como medida excepcional e extraordinaria, a posibilidade de superar este límite cando así o determine o informe do persoal técnico dos Servizos Sociais.*

*O artigo 15 regula o **importe das axudas de apoio á alimentación e á hixiene persoal e doméstica**. Aquí retómase o establecemento de tramos en función da composición familiar, pero non así un mecanismo de actualización das contías en base ao IPREM ou o IPC, a pesares de que a compra básica foi un dos conceptos nos que aumentou máis a contía nos últimos dous anos.*





CONCELLO DE
OLEIROS

En conclusión: a falta do establecemento dun mecanismo de actualización do importe das axudas para a alimentación e á hixiene, para os prezos do alugamento ou hipotecas a descontar do límite, ou ao monto total das axudas, deriva nunha perda do poder adquisitivo destas.

Tamén a non determinación de tramos en función do número das persoas da familia para establecer o importe total das axudas a percibir supón unha redución do impacto das ditas axudas nas familias máis numerosas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete esta moción a debate e aprobación polo Pleno do concello de Oleiros propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- Establecer unha contía diferente no monto xeral das axudas a percibir anualmente en varios tramos determinados polo número de persoas que compoñen a unidade familiar, dun xeito semellante ao que xa establece o cálculo do límite dos ingresos, a contía a descontar por hipoteca ou alugueiro, ou o importe das axudas para alimentos e produtos de hixiene.

2.- Establecer un mecanismo de actualización dos importes das axudas para alimentos e produtos de hixiene, do monto xeral das axudas a percibir anualmente, e dos importes a deducir polo pago de hipotecas ou alugueiros.

A determinación destes límites e tramos proposta que elabore o departamento municipal de Servizos Sociais."faríase en base á

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da moción presentada, acadándose o resultado de **vinte (20) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de "Alternativa dos Veciños",), cinco (05) do grupo municipal "Popular", dúas (02) do grupo municipal "Socialista" e un (01) do grupo municipal "Mixto"-BNG).

En consecuencia e por unanimidade, o Pleno da Corporación aproba tratar a moción presentada polo grupo municipal "Mixto"-BNG.

Intervén da orde do alcalde a concelleira delegada de servizos sociais e igualdade, D^a **Belén Taboada**, sinalando que se está a elaborar unha ordenanza nova de inclusión social, que esperan achegar a este pleno para a súa aprobación non máis tarde do mes de xuño, onde se recollen estes cambios propostos e outros que amplían coberturas.

A ordenanza en vigor, aprobouse no ano 2021 e estes dous últimos anos hai que recoñecer que foron de moitos cambios, de aí que estean a elaborar novas ordenanzas, tamén a da axuda no fogar, que esperan tamén traela conxuntamente antes do mes de xuño.

Aínda así, gustaríalle facer dous comentarios ó dito, no art. 9 que recolle as axudas económicas, sí existe unha contía de 1.000 € pero, como ben dixo o voceiro do BNG cunha avaliación técnica individualizada, cando exista calquera outra circunstancia que non estaba prevista na unidade familiar, con esa avaliación técnica pódese incrementar ese importe.

Tamén indicar que, no Anexo I da ordenanza hai un cadro sinalando ó IPREM do 2021 que foi actualizado nos exercicios 2022 e 2023, aínda así, están valorando para a futura ordenanza ter como referencia o SMI e non o IPREM.





Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalándolle ó voceiro do BNG e propoñente da moción que como lle remata de sinalar a concelleira están traballando nunha nova ordenanza e sería bo que se incorporase, se o estima convinte, ó traballo de elaboración poñendo de manifesto as propostas que remata de ler na súa moción.

Tendo en conta o salientado e despois da pregunta xeneralizada de, non se votaba a moción?, o voceiro do BNG ante as explicacións dadas polo goberno municipal, retira a moción presentada.

*** rogos e preguntas**

5.5.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre parchear o aparcadoiro da piscina de Oleiros.

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Popular”, D. **Jorge Platas**, sinalando:

“Acábase de parchear de novo o aparcadoiro da piscina de Oleiros. Tres veces en pouco espazo de tempo. É unha perda de tempo e cartos. Rogamos que se asfalte por completo e en condicións.”

5.6.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre o campo de fútbol “Eugenio Pardo Conchado” en Oleiros

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jorge Platas**, sinalando:

“O campo de fútbol Eugenio Pardo Conchado de Oleiros necesita a colocación de redes altas nos laterais do campo para evitar a continua saída de balóns do recinto, sendo difícil recuperalos por caer en fincas pechadas ou con moita maleza. Rogamos que se instalen canto antes.”

5.7.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre o estado do paseo marítimo de Santa Cruz

Expón o rogo a concelleira do grupo municipal “Popular”, D^a. M^a **Dolores Silva**, sinalando:

“O estado do paseo marítimo de Santa Cruz e as estruturas complementarias urxen a atención de especialistas que valoren unha necesaria campaña xeral de actuacións que garanten a súa seguridade. A concatenación de sinistros na estrutura, poñen de manifesto a necesidade dunha intervención preventiva e de rehabilitación. Avanzada corrosión de armaduras, perda de sección do formigón e cimentacións no aire, poñen de manifesto a continua e intensa erosión do mar afectando á estrutura e, polo tanto, á consistencia de boa parte do Paseo marítimo”. Como o resto das obras destas características, financiadas polo Estado, conleva a posterior obriga de mantemento e conservación a cargo do Concello que, como no resto das infraestruturas municipais, brillan pola súa ausencia. Esta deixación tamén se pode observar nas escaleiras que do paseo acceden ao parque, pois a falla de limpeza e conservación están dando lugar a múltiples caídas. A necesaria reposición da area na praia que pide a costas, axudará a evitar futuros desperfectos, pero non vai a arranxar os actuais. Esta demora nas reparacións e mantemento por parte do Concello, chocan coa rapidez e eficacia coa que a Consellería do Mar repara e mantén a zona portuaria.

Por todo elo, reclamamos a inmediata contratación dun informe técnico que valore o estado do paseo, as causas do seu deterioro e presuposte a súa total e completa rehabilitación, incluíndo os traballos de estabilización dos taludes na zona da escaleira ao parque e reparación da pasarela que da ao castelo.”

5.8.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre socavón na Rúa do Río

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jorge Platas**, sinalando:

“Na Rúa do Río, a Deputación acaba de asfaltar un socavón sen arranxar a avería de pluviais que había alí. Rogamos que desde o Concello se controlen as obras que fagan outras administracións.”

5.9.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre saneamento no Porto de Lorbé

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Antonio Corredoira**, sinalando:

“Na inmensa maioría dos portos galegos, as instalacións para o saneamento fináncianse entre todas as administracións implicadas, normalmente o Concello, Portos de Galicia e Augas de Galicia. A singularidade de Oleiros non lle exime de facer o mesmo. Os negocios do Porto de Lorbé seguen sen saneamento pola súa culpa. Rogan que fale con Portos e Augas de Galicia para asinar un convenio con eles para poñer a estación de bombeo e dar este servizo aos veciños canto antes.”





CONCELLO DE
OLEIROS

5.10.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre campamentos para nenos e nenas

Formula a pregunta a concelleira do grupo municipal “Popular”, D^a **Vanessa Domínguez**, sinalando:

“¿Porqué se suprimiron as 50 prazas que había para os campamentos para nenos e nenas en Semana Santa, sendo un Concello de case 40.000 habitantes?”

5.11.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre creación de equipo de mantemento viario

Formula a pregunta a concelleira do grupo municipal “Popular”, D. **Jorge Platas**, sinalando:

“No último pleno rexeitouse a moción presentada polo grupo “Popular” para crear un equipo de mantemento viario. Os contínuos reparcheos do asfalto e as frecuentes bolsas de auga, poñen de manifesto que é necesario. ¿Existe un plan de limpeza dos sumidoiros nas vías municipais ou soamente se limpan cando se atascan? ¿Cal é a periodicidade de limpeza prevista?”

5.12.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre o contrato de parques e xardíns.

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jaime Cástor Nuñez**, sinalando:

“A intervención municipal formulou reparo suspensivo respecto ao pagamento de facturas á empresa de mantemento de parques e xardíns, debido a que o seu contrato co Concello, engadindo as prórrogas, rematou fai tres meses. Oleiros adxudicou o contrato a Arce por catro anos, con dúas prórrogas, rematando en decembro de 2023. Intervención manifestou que continuar pagándolle á empresa “sen título habilitante” incumple a Lei de contratos. Precisou que a ampliación do contrato “non prevista nos pregos” incumple os “principios de publicidade, concorrência e igualdade da contratación”. Sen perxuizo das consecuencias legais que poida ter esta prórroga tácita, estos feitos poñen de manifesto que o equipo de goberno é incapaz de realizar unha nova licitación e facela ben e por isto licitou unha asesoría para elaborar os pregos da primeira. Tras o acontecido coa anulación da adxudicación do contrato de limpeza viaria, esta nova chapuza lévanos a preguntar, ¿Para qué serven as 13 dedicacións do grupo de Alternativa dos Veciños e os asesores de confianza que se veñen pagando?. “

5.13.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre o paseo marítimo no Paraíso

Formula a pregunta a concelleira do grupo municipal “Popular”, D^a. **M^a Dolores Silva**, sinalando:

“¿Porqué non se abre aos veciños o paseo marítimo rematado e iluminado no Paraíso? ¿Para cando está prevista a súa apertura?”

5.14.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre semáforos do cruce de Montrove

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jaime Cástor Nuñez**, sinalando:

“Os semáforos do cruce de Montrove estropearonse no ultimo mes en numerosas ocasións, pasa exactamente o mesmo co alumado público da Rúa do Saber con dúas farolas, ¿Cal é a causa destas avarías e o motivo polo que tardan tanto en arranxalas?, ¿Cando estarán reparadas?. “

5.15.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre intervencións radiofónicas do alcalde e compra publicidade en redes para o seu beneficio político.

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“O Grupo Municipal Socialista ten constatado que as intervencións radiofónicas do Alcalde e a compra de publicidade en redes para o seu beneficio político cústanlle aos veciños aos veciños oleirenses 38.000 euros ao ano, o que veñen sendo 3.200 euros ao mes. Son espazos que compra vostede e pagamos todos, non son entrevistas desinteresadas e se trata dunha actividade de carácter partidista, no que entre outros insulta a oposición sen posibilidade de réplica, e tamén úsao para confrontar con outras administracións, polo que debería de pagala Alternativa dos veciños e non os oleirenses xa que non lles beneficia. Por riba empregaoos para “desinformar” ao máis puro estilo Trump, con estes custes:

- 34.194,79 € para compra de espazos radiofónicos ao estilo Aló Presidente.
- 3.287,72 € de campañas de posicionamento en redes.





CONCELLO DE OLEIROS

Polo que rogamos que eses cartos sexan investidos en mellorar a vida dos oleirenses en vez de malgastalos para maior gloria do Alcalde e do seu grupo de goberno.”

Intervén o alcalde, **D. Ángel García**, para advertir ao grupo municipal Socialista, que como ten uns rogos que parecen testamentos, informórmalle de que dispoñen de 5 minutos para facer os 5 rogos.

5.16.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre os camiños no Parque “13 Rosas” Bastiagueiro.

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, **D. Jesús Fernández**, sinalando:

“Non é de recibo que os oleirenses teñan que volver a pagar os camiños de 13 rosas aos tres anos da inauguración. Unha obra tan recente e que se atopa en mal estado dende hai bastante tempo é responsabilidade dun mal proxecto, dunha mala execución ou dunha mala dirección de obra, polo que habería que escoller esixirlle responsabilidades aos axentes implicados en vez de escoller que sexan os oleirenses os que volvan a pagar. O Concello adxudicou a finais de xaneiro por 272.770,3 € á Construcciones López Cao SL as obras de substitución dos camiños do Parque das 13 Rosas e das Galeras e agora anuncia a execución da obra. Nos non consideramos axeitado que unha obra executada hai escasamente tres anos esté nun estado que obrigue a gastar preto de 300.000 € en refacela. Ou foi mal proxectada ou mal executada ou mal dirixida pero non é lóxico que os oleirenses teñan que volver a pagar polo mesmo cando o propio sería pedir a execución das garantías. En vez de esixirlle responsabilidades a quen fixo o proxecto, a quen o executou ou a quen dirixiu a obra, o Alcalde escolle que os veciños volvan a pagar e como sempre aquí ninguén asume a responsabilidade política ou económica. Parece unha broma que se culpe do deterioro do chan ao uso intensivo de usuarios e bicicletas, ou á humidade da zona ou a escorrega das augas da choiva. Pois esta é a xustificación do Concello para volver a gastar preto de 300.000 euros. Cando se proxectou o parque era para usar e xa chovía daquela, e por fortuna segue chovendo. Rogamos que o Concello esixa a reposición en garantía as empresas implicadas na súa construción hai pouco máis de tres anos e adique eses casi 300.000 euros a outras cousas.”

5.17.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre a rede de saneamento municipal.

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, **D. Jesús Fernández**, sinalando:

“O Grupo Municipal Socialista de Oleiros entende que é unha necesidade urxente e desatendida dotar ao Concello dunha rede de saneamento con capacidade suficiente para atender as necesidades dun servizo público esencial por salubridade, que dá mostras continuas de obsolescencia e mala planificación. Mentres se adican 12 millóns de euros ao Multiusos, un capricho do Alcalde, os desbordamentos da rede de sumidoiros son habituais con choiva por colapso e pola falta dunha rede de tipo separativo que canalice as pluviais e evite estes perigosos episodios dende o punto de vista sanitario. ¿Cantos km de renovación de rede de saneamento e abastecemento de auga poderían facerse cos cartos do Multiusos?. Ao longo destes días houbo diferentes episodios que demostran que a rede de saneamento de Oleiros está obsoleta e non acorde co aumento de poboación debido a unha mala planificación municipal que permitiu o aumento de vivendas sen aumentar a capacidade da rede. A rede solo separa pluviais e fecais na web do Concello, nas rúas non. Polo que rogamos que se fagan os estudos e as obras de mellora da rede de saneamento en dúas vertentes:

- Unha para adecuar a rede do aumento de poboación, porque senón ocorre igual que coas estradas, que non chegan.
- E outra, implementar unha rede de recollida de pluviais separativas que evite que as canalizacións de saneamento “entren en carga” e desborden cando chove. Algo que pasa no centro de Santa Cruz, diante do NOA para vergoña de todos os turistas que nos visitan.”

5.18.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre as actas plenarias.

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Socialista”, **Dª Mª Carmen Acuña**, sinalando:

“O Grupo Municipal Socialista a través deste rogo solicita que as actas recollan a literalidade das intervencións nos Plenos. Non é admisible seguir “novelando” nelas o que aquí temos que escoitar e vivir, e tampouco é admisible que ante calquera crítica pola falta de rigor das mesmas se bote unha cortina de fume dicindo o alcalde que “estamos cuestionando o traballo dunha funcionaria”, a realidade é a que é, e como hai medios técnicos suficientes e disposicións legais que o avalan, pedimos que ademais se incorporen as grabacións en soporte axeitado que permita a súa custodia. Hoxe mesmo podemos ver como se está grabando este pleno e





CONCELLO DE OLEIROS

ela preguntoulle á persoa traballadora encargada da grabación cando lle explicou que era para o arquivo particular do alcalde, pois solicitan o mesmo pero para o arquivo do concello de oleiros.”

5.19.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre contedores de lixo

Expón o rogo a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando:

“O Grupo Municipal Socialista a través deste rogo solicita, xa o fixemos vía moción e non nos deixaron debatela, que se mellore o estado xeral dos contedores de lixo e a súa contorna. Que sexan ancorados os que voan cada día que hai temporal, por exemplo en Mera diante do Centro de Saúde, e que se faga a limpeza e reparación dos que están en mal estado, colocando ademais neles adhesivos indicando os horarios de depósito, o tipo de residuos que se poden botar dentro de cada tipo de contedor, como xestionar os residuos voluminosos e aparatos eléctricos e o horario e ubicación do punto limpo.”

5.20.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” sobre amoblamento despacho Concelleiro

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“En política, como na vida, cada un marca a súa xerarquía de prioridades, e a do que pasaba a ser tras as eleccións de maio terceiro tenente de alcalde e “futuro sucesor” era estar cómodo co seu “ascenso” no seu novo despacho, así que considerou que a súa prioridade número un, nada máis aterrar, era festexalo con diñeiro dos oleirenses e evidenciar o seu estreado status, así que contratou “a dedo” a unha coñecida e cara tenda de mobiliario de deseño o encargo da “Renovación do mobiliario e acondicionamento do seu despacho” pola nada desdeñable cantidade de 5.842,26 euros”. Resulta curioso ver como mentras para impulsar actuacións necesarias como o “Mantemento de cubertas de edificios públicos e polideportivas do Concello de Oleiros” e outras licitacións que están a quedasr desertas porque se escatima o diñeiro para contratar, co que non se presentan licitadores, para o malgasto e o gasto suturario en decorar un despacho con exquisita selección de materiais e mobiliario non hai impedimento económico, moral nin ético. En xullo de 2023 deberían de estar preocupados por sacar adiante os contratos de servizos máis importantes do Concello como son limpeza viaria (cuxa licitación tombou o Tribunal de Contratos de Galicia “por defectos graves na tramitación e falta de transparencia”) e o de mantemento de parques e xardíns que está caducado e o interventor advirte cada mes de que se está pagando sen contrato. Pero non, en xullo de 2023 a prioridade era comprar unha cadeira cómoda e os seus complementos por case 6.000 euros, puro malgasto. Onde está a utilidade pública de adicar 6.000 euros a poñerlle luxo a un despacho?, ¿qué adxetivos e palabras grosas utilizaría o alcalde se isto ocorrese noutro Concello da Comarca?. É isto un exemplo de boa xestión do diñeiro público?”

5.21.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” sobre dobre moral respecto ao urbanismo.

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando:

“Recentemente o 7 de marzo dende o Concello se afirmaba: “Oleiros aínda pode frenar o pelotazo urbanístico das casas Bailly, de Cambre. O Supremo ábrese a estudar a masificación da urbanización que se pretende edificar. A masificación urbana que o Concello de Cambre preparaba na zona das Casas Bailly, fronteirizas co Seixal de Oleiros, aínda pode frenarse via xudicial. O supremo admitiu un recurso do Concello de Oleiros que tiña rexeitado o Tribunal Superior de Galicia, polo que aínda hai esperanza de que non chegue a consumarse ese pelotazo urbanístico xusto no límite, que suporía unha auténtica compactación urbana moi ao estilo da parte cambresa doutro lado da N-VI con altos edificios e estreitas ruas. Ademais a posible futura urbanización do lugar tería consecuencias drásticas na mobilidade, pois extendería pola rede viaria da zona unha forte densidade de vehículos, incrementando os problemas existentes. E xusto meses días coñecésemos que o Concello oleirense subscribiu en 2022 un acordó para reactivar o proxecto en Viñas de Babilonia apra construír 390 vivendas, nunha zona de case 130.000 m2 na saída de Santa Cruz que agora é prados e monte. Cal é o motivo de construír 390 vivendas –mais que o dobre do proxectado en Cambre- aquí sexa motivo de celebración e non un “pelotazo”?”

5.22.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” sobre portal de transparencia en Oleiros.

Formula a pregunta a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando:

“En novembro presentamos unha moción encamiñada a que se puxera en marcha o Portal de Transparencia, que ven recollido nas bases de execución orzamentaria e que facilitaría a participación cidadá na toma de decisión e no que se publicase o curriculum e experiencia dos concelleiros e do propio alcalde, así como dos asesores municipais contratados discrecionalmente. Tamén que sexa publicada a declaración de bens dos concelleiros e o alcalde cando tomaron posesión por primeira vez e a actual para coñecer como evolucionou a





CONCELLO DE OLEIROS

súa situación patrimonial dende que son representantes públicos. Cal é o motivo de que non se poña en funcionamento ese Portal de Transparencia en Oleiros e que se quere agochar?

5.23.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” sobre falla de coherencia nas decisións.

Formula a pregunta a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando:

“En diferentes Plenos dende o Grupo de Goberno négase a posibilidade de debate de diferentes asuntos de interese para a poboación apelando a que “non son asuntos de Oleiros”. Pero vemos, por exemplo nos luminosos de Oleiros información que ten que ver con conflitos como o Palestino-Israelí que tamén é alleo ao Concello. Neste mesmo Pleno falou do conflito. Logo ¿Cal é o motivo e a razón e o criterio que teñen para considerar os asuntos do Pleno como propios?

5.24.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” sobre violencia de xénero.

Formula a pregunta a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando:

“Tendo en conta a importancia dun problema como o da violencia de xénero no noso país e que non hai zona, sector ou tipo de poboación que poida considerarse libre desta lacra. ¿Cantas vítimas de violencia de xénero detectáronse en Oleiros no ano 2023 e que tipo de axuda recibiron do Concello de ser o caso?”

5.25.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre acoso no IES María Casares

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Coñecemos recentemente detalles dun presumíbel grave acoso producido no IES María Casares. Caso pechado pola Xunta *“dado que, da análise da información recabada, non se derivaron indicios suficientes da existencia de acoso escolar. O profesorado está especialmente vixiante reforzando a atención e vixilancia no patio e espazos comúns”*. Neste mes de marzo agromou máis un novo presumíbel suceso no que está involucrado un neno con autismo lixeiro, desta xeira no colexio concertado Cristo Rey. Existen queixas pola ineficacia na xestión do caso e na necesaria apertura do protocolo acaído por parte da Consellaría de Educación. Rogamos ao Concello que siga de xeito directo e continuado estes casos con contactos e asistencia necesaria para as familias e os menores implicados.”

Intervén a voceira do Grupo Municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, clarexando que os protocolos lévanse a cabo dentro do centro educativo, son os docentes quen realizan ese protocolo e non a Consellería de Educación, o que fai a consellería se é o caso instar a existir unha vixilancia.

5.26.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre normalización lingüística nos nomes das rúas

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“No rueiro do Concello aínda conviven nomes de Rúas deturpadas como a Rúa da Flauta. Como se pode comprobar acudindo ao dicionario da RAG, ese nome non existe máis alá dun uso castrapizado da lingua. Seguimos tamén vendo día si e día tamén cartaces de obras de concesionarias en español. O BNG solicita ao goberno local que muden o nome desa rúa, ficando Rúa da Frauta, adaptándoo ao artigo 22 da ordenanza de normalización lingüística aprobada no 2004 polo Concello de Oleiros. E que faga cumprir as concesionarias esa mesma normalización lingüística.”

5.27.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre colocación de espello na rúa Rosalía de Castro

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Na até non hai moito conxestionada, polas interminábeis obras do Sol y Mar, Rúa Rosalía de Castro áchase en falla un espello á altura do Stop no final da mesma para facilitar a incorporación dos vehículos. Pedimos ao concello que considere esta situación.”

5.28.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre pertenzas esquecidas nas piscinas municipais

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Nas piscinas de Oleiros procédese a destrución das pertenzas esquecidas polas usuarias das mesmas agás que sexan obxectos de valor como reloxo ou telemóbeis. Este concepto de “valor” é bastante indeterminado e





CONCELLO DE OLEIROS

arbitrario, xa que bañadores, determinados xampús, chapeus de baño poden ser dun valor moi elevado. Esta medida chegou para ficar após a crise da COVID. Non sen tempo pois, pedimos ao Concello que durante un período de tempo a determinar mais suficiente, sexan custodiados por parte da administracións das piscinas municipais, todos os obxectos esquecidos ou extraviados nas piscinas para que poidan ser recuperados polos utentes.”

5.29.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre incremento nos recibos do lixo

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Desde o BNG cualificamos o inicial acordo de subir o recibo do lixo un 35 % de «escandaloso e indefendíbel», tendo en conta as graves eivas que ten o servizo. A cidadanía dos concellos que compoñen o Consorcio das Mariñas levan tempo observando que o servizo de recollida do lixo se leva a cabo de xeito moi polo que unha suba do prezo do recibo sería incomprensíbel, e aínda máis sen que se produza unha fiscalización do contrato e da súa execución. Segundo denuncias veciñais, o 29 de febreiro na zona de Santa Cruz o camión do lixo procedía a botar no mesmo espazo (o dereito) o contido dun contentor verde (orgánico) pero tamén o doutro, o de inorgánico. Pedimos ao concello que controle a posibilidade de que se produzan incidencias desta índole.”

5.30.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre construción en Oleiros

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Segundo os datos da federación da construción, Oleiros foi o terceiro concello en importe de obra pública licitado, con 17,4 millóns euros. Por acima de Concellos como A Coruña con 13,34 millóns. Consideran que este é un índice ou un síntoma de benestar para a cidadanía?”

5.31.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre vivenda protexida

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“O Alcalde de Oleiros anunciou recentemente que xa hai “un promotor interesado nas tres parcelas municipais” sacadas a concurso a principios deste ano 2024, polo que finalmente se construírán 54 vivendas protexidas máis neste concello. Todo axuda, mais estas novas 54 vivendas no van paliar as necesidades de vivenda protexida no Concello. Existe algún contacto coa Xunta ou consta algunha acción concreta da administración autonómica de cara a necesaria promoción de vivenda protexida?”

5.32.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre incremento asistencial

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Agárdanse en Mera sobre 1.000 novos habitantes que se instalarían nas Urbanizacións da Xentíña e Cividás. Viñas de Babilonia (SUD-10) urbanización de 390 vivendas previstas en Santa Cruz. As 54 vivendas protexidas... Perante este incremento considerábel de poboación nas parroquias oleirenses, o Concello debería estar xa en contacto coa Xunta para prever a máis que necesaria atención en eidos, xa agora deficitarios, como a Sanidade ou a Educación . Máis entendemos dende o BNG que esta sería tan só unha das necesidades do forte incremento porcentual de poboación que se prevé, nomeadamente tendo en conta a multiplicación dos residentes durante o período estival e a forte afluencia aos areais oleirenses. Existe algún plano integral por parte do Concello para asumir todo o incremento asistencial a nivel de aparcadoiros, mobilidade, seguranza, maior frecuencia de transporte público, limpeza, infraestruras etcétera que este aumento poboacional vai supoñer? Que medidas vai tomar o Concello para paliar estas necesidades potenciais?”

5.33.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre vivendas baleiras

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Segundo recentes estudos do INE do 2023, Oleiros ten 3.555 vivendas baleiras sobre as 19.268 que contabiliza o devandito estudo, un 18,4% do total. É un incremento de catro puntos con respecto ao 14,4% existente no 2011. Coincide, por certo cun importante incremento da concesión de licenzas para novas vivendas. Que políticas pensa adicar o Concello para fomentar o alugueiro social ou a vivenda protexida tirando proveito desta bolsa de vivendas baleiras?”

5.34.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre mobilidade en transporte colectivo e outros

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:





CONCELLO DE OLEIROS

“No PMUS aprobado por Decreto da Alcaldía en setembro do 2022 destácase o dominio aplastante do vehículo particular fronte calquera outra opción, con previsión de forte incremento nos vindeiros anos. No PMUS fíxanse unha serie de medidas a tomar polo Concello a curto prazo nun período de até 2 anos dende a súa aprobación con esta finalidade de promover a mobilidade en transporte colectivo, peonil ou bicicleta. Cómpre destacar que o Concello de Oleiros non conta con Concellaría de Mobilidade. Transcorridos 18 meses dende que o PMUS foi aprobado por decreto de Alcaldía (3/4 partes dese período inicial de dous anos), que pasos deu e está a dar o Concello dentro dese período inicial de medidas de 2 anos?”

5.35.- Moción “in voce” presentada polo goberno municipal de “Alternativa dos Veciños” sobre a situación actual do Consello Xeral do Poder Xudicial

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que antes de rematar quere presentar unha moción “in voce” por parte do goberno municipal en canto á situación que está a vivir este país respecto ao Consello do Poder Xudicial.

“A situación que se está a sufrir neste país con respecto ao Consello Xeral do Poder Xudicial, que xa vai para 5 anos e medio e no que non dimitiron as persoas que tiñan que facelo e que están en contra da Constitución Española, resulta gravísima.

Está a impedir que moitos xuíces a nivel do Estado poidan ser nomeados non só o cambio desas persoas nese órgano, senón que a nivel estatal existen un montón de xuíces esperando ser nomeados para os seus xulgados e que non se poidan nomear por culpa desta situación.

Por toda esta situación, que entende gravísima, achega a este pleno a presente moción para que se trate e que se aprobe:

** Solicitar a dimisión dos membros do Consello Xeral do Poder Xudicial para que a democracia en España sexa respectada, principalmente por aqueles que son os primeiros que teñen que defendela e que non o está a facer, incumprindo as leis polo debe de ser os primeiros que as deberían cumprir.”*

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado de **quince (15) votos a favor da urxencia** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”, dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **cinco (05) votos en contra** do grupo municipal “Popular”

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *tratar* a moción presentado polo goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”.

Neste intre o alcalde, D. **Ángel García**, abre unha quenda de intervencións..

Intervén o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Antonio Corredoira**, dicindo que entende que os maxistrados do Consello Xeral do Poder Xudicial son os primeiros interesados en que se produza a renovación do mesmo e presentar a súa dimisión, tal e como solicita o grupo de goberno nesta moción, o único que faría sería empeorar a situación. A solución tal e como leva demandando o Partido Popular dende hai moitos anos, non significa só a súa renovación senón garantir que de aquí a un futuro a xustiza estea despolitizada, que sexan os propios xuíces os que elixan ao consello e que non estea sempre a xustiza española ao vaivén dos que mandan ou gañan as eleccións, por iso votarán en contra desta moción.





CONCELLO DE
OLEIROS

Intervén o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, dicindo que primeiro quere felicitar ao alcalde pola iniciativa, aínda que seguindo o criterio que se segue para que non se debatan outras, está propoñendo un asunto que non correspondería ao 100% ao pleno de Oleiros, pero non é malo que se fale dun tema tan importante coma este porque entende que é o intre oportuno para falar de quen somos e onde está cada quen.

Prosegue o concelleiro, Estamos aquí grazas a un estado de dereito que recoñece unha serie de dereitos e obrigas e hai que defendelo e iso é o que fan hoxe aquí, representando á veciñanza de Oleiros, aínda que en moitos casos desde a alcaldía non se facilite esta cuestión.

O PSdeG é un partido que en maio fará 145 anos, non son unha formación de aluvión, a súa traxectoria avalíalles e o parlamentarismo respecto á constitución é propio, forma parte do seu ideario, non só por estar recollido na propia constitución, senón porque foron artifices e protagonistas imprescindibles do cambio constitucional en España hai máis de 40 anos, polo tanto, entenden que é necesario apoiar esta moción.

Neste senso, cómpre facer unha reflexión sobre o que é a utilización do Partido Popular de xeito torticero e partidista de arducias legais para non renovar ese órgano como marca a Constitución e iso levaríalles a reflexionar tamén de como se emprega torticeiramente por parte deste Concello aproveitando a maioría democrática que detenta o goberno municipal, para recortar o ROM, coartando a posibilidade de debate reducindo un dereito constitucional que tamén está recollido no artigo 23.2 e artigo 14 da constitución, que representa o dereito como representantes públicos a defender e traer aquí os asuntos dos veciños e veciñas de Oleiros.

Intervén o voceiro do grupo municipal “Mixto-BNG”, D. **Iván Roca**, manifestando que a parálise interesada inconcebible é impropio dunha democracia, o único que fai é secuestrar a democracia están a favor da moción.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, dicindo que xa houbo un presidente que dimitiu, quedando o actual que tamén dimitirá senon se toman medidas, polo que aquí estamos defendendo a democracia.

Votación da moción

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da moción presentada polo goberno municipal de “Alternativa dos Veciños, acadándose o resultado de **quince (15) votos a favor** do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”, dous (02) do grupo municipal “socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **cinco (05) votos en contra** do grupo municipal “Popular”

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación aproba a moción presentada e que se transcribe:

“A situación que se está a sufrir neste país con respecto ao Consello Xeral do Poder Xudicial, que xa vai para 5 anos e medio e no que non dimitiron as persoas que tiñan que facelo e que están en contra da Constitución Española, resulta gravísima.

Está a impedir que moitos xuíces a nivel do Estado poidan ser nomeados non só o cambio desas persoas nese órgano, senón que a nivel estatal existen un montón de xuíces esperando ser nomeados para os seus xulgados e que non se poidan nomear por culpa desta situación.

Por toda ista situación, que entende gravísima, achega a este pleno a presente moción para que se trate e que se aprobe:





CONCELLO DE
OLEIROS

* Solicitar a dimisión dos membros do Consello Xeral do Poder Xudicial para que a democracia en España sexa respectada, principalmente por aqueles que son os primeiros que teñen que defendela e que non o está a facer, incumprindo as leis polo debe do ser os primeiros que as deberían cumprir.”

Neste intre o alcalde, D. **Ángel García**, procede a iniciar a quenda de contestación dos rogos e preguntas formulados polos disferentes grupos políticos municipais:

No caso do grupo municipal “popular”

- Parchear o aparcamento da piscina municipal de Oleiros, esa é unha finca privada que está prestada ao Concello de Oleiros en tanto non urbaniza o promotor polo tanto nos vamos reparando os baches que xurden, pero non podemos asfaltar unha finca que é privada.
- Campo Eugenio Pardo Conchado, as redes xa estan altísimas neste campo.
- Estado do paseo marítimo de Santa Cruz e infraestructuras, di que a conselleria que leva o tema dos portos en Galicia actuou correctamente as dúas veces nos dous temporais que houbo en decembro e en xaneiro, quen non actuou correctamente foi Costas do Estado, estamos enriba deles e agora estamos reparando o que tiñan que facer eles. Respecto á ponte require unha renovación total e sobre todo na zona inmersa do mar e polo tanto é competencia de Costas e non do Concello de Oleiros.
- Na Rúa do Río a Deputación reparou pero caeo moita auga e é o peor enemigo do asfalto, así llo comunicaremos a ese organismo para que arranxe de novo.
- En canto ás instalacións no porto de Lorbe, o Concello non ten competencias nos portos, son exclusivas da Xunta de Galicia cando son pequenos, os grandes son competencia do Estado. Polo tanto a Xunta é a que ten que sanear, limpar as augas do porto de Lorbe onde se cultivan bivalvos e que non ten ningún sentido ter verquidos de augas feais tanto tempo como tiveron e como teñen neste momento, polo tanto o Concello sempre está aberto a colaborar, pero quen ten que pagar as obras é a Xunta de Galicia. E máis brindamoslle á Xunta a posibilidade de conectar coa depuradora sen nengún tipo de problema, pero a obra do bombeo na zona do porto é competencia da Xunta, o Concello non pode entrar no porto a facer ningunha obra.

Intervén a voceira do grupo municipal “popular”, D^a **Maria Dolores Silva**, dicindo que quen ten que facilitar o saneamento e o bombeo nas vivendas que están arriba do porto non son competencia da Xunta nin do Estado. Ao que o Alcalde lle contesta que as dúas vivendas e o bar, a depuradora e as casetas dos pescadores, todos están vertendo ao mar e todas están na zona de portos e son competencia da Xunta.

Contesta D^a D^a **Maria Dolores Silva** que en todos os sitios están a facer convenios entre Augas, os Concellos e Portos de Galicia para solucionar este tipo de problemas e o Alcalde, lle contesta que aquí tamén se fixo un convenio xa que lle permitiron levar ata alá arriba a 400 m.a tubería que xa está colocada, algo que lle esixiu o Concello na reunión no Porto e polo tanto neste caso é a Xunta quen ten que facelo.

- En canto á supresión dos campamentos, non se suprimiron, senón que houbo un problema co expediente e uns informes contradictorios e non se puideron facer.
- En canto ao rexeitamento no último pleno dunha moción para crear un equipo de mantemento viario, xa lles contestamos que temos o mellor equipo para mantemento viario nun concello que é grande e que ten mil e





pico estradas e rúas, pois seguramente sempre vai a ver algún que está deficiente ou ten algun problema puntual en algun momento.

- En canto á que a intervención municipal formulou un reparo suspensivo respecto ás facturas de parques e xardíns, decir que hai un contrato, sae unha licitación, esa licitación impúgnase, xa estaba adxudicada a unha empresa, o Tribunal dalle a razón ás outras empresas que se presentaron e ese é un trámite que hai que facer e mentras non está contratado pola empresa, o servizo hai que facelo e iso non ten ningún tipo de problema. O interventor fai o seu reparo e o alcalde levanta ese reparo porque o servizo hai que prestalo e non estamos incurrindo en ningunha ilegalidade, porque non é ilegal que se houbera presentado o recurso no seu día por unha empresa e non poder ter adxudicado neste momento como tiñamos previsto o servizo de xardíns. E ao remate da pregunta dí e ¿para que serven as 13 dedicacións exclusivas de Alternativa dos Veciños e os asesores de confianza ben pagados? Pois serven todos eles para xestionar o Concello.

O concelleiro do grupo municipal “popular”, D. **Jaime Cástor Núñez** insiste en que entón ¿para se contrataron asesores para facer pregos? Ao que o Alcalde lle contesta que en Oleiros hai xente capacitada para redactar pregos de cláusulas, que Oleiros non é Cambre, nin Culleredo nin A Coruña, que por certo este último para contratar a basura leva mais de cinco anos sin facer o Prego, co goberno do PSOE, das Mareas e outra vez do PSOE.

Intervén o concelleiro do grupo municipal “socialista”, D. **Jesús Fernández** para clarexar que en canto aos pregos de Nostión na Coruña, quedaron feitos na primaveira do ano 2023 pero como a partir de xaneiro do 2023 hai un imposto de verquidos aos residentes de 30 euros por tonelada e polo tanto teñen que ser repercutidos aos usuarios en maio do 2023 que habia eleccións municipais, a ningún goberno municipal empezando por Oleiros, lle interesaba que o tema de Nostión saíra para adiante e agora se están refacendo eses pregos para que alongando o tempo de vixencia da nova concesión o custo de amortización poida ser unha taxa menor por diluírse en mais anos, para reducir eses presos, pero os pregos están feitos e publicados no portal de contratación desde xaneiro do 2023. O Alcalde, **García Seoane** contéstalle que os pregos ainos cando estén aprobados polo pleno da Coruña e aínda non foron ao pleno. Insiste o concelleiro “socialista” en que os pregos estaban publicados. Neste intre o Alcalde corta a intervención do concelleiro “socialista”.

- En canto a porque non se abre o paseo marítimo rematado e iluminado no Paraíso, decir que non está rematado o paseo e cando se remate, abrírase; o Concello non vai permitir que se abra mentras non poidamos circular polo paseo porque agora mesmo non se pode ir desde Perillo por él así que haberá que preguntarlle a costas cando está previsto o seu remate, neste caso o goberno de Madrid.
- En canto ao semáforo de Montrove, hai moitos semáforos que cando se estropean hai que arranxalos e a empresa que temos contratada, cando saltan polas tormentas os automáticos, apáganse os semáforos e hai que ir a poñelos en funcionamento.
- En canto ás farolas da Rúa do Saber que están apagadas, pasalles o mesmo que aos semáforos, cando hai tormenta quedan sen luz e teñen que ir os traballadores a reparar a avaría.

A continuación o Alcalde resposta as preguntas e rogos do grupo “socialista”.





- En canto ao amoblamento do despacho do concelleiro, xa hai que ser indigno para manifestar o que se pon no papel pola renovación dun despacho que houbo que poñerlle o solo novo, pintalo e poñerlle mobiliario, que non é de luxo e invito a calquera veciño ou veciña de oleiros que esté escoitando este pleno na emisora municipal a que veña a ver ao concello ao despacho a ver os mobles de “luxo”. Son mobles como os da marca sueca, que son dese estilo, non son de madeira maciza, cara e foron mercados a unha empresa de Oleiros, tal e como defende o BNG sempre, que se compre a empresas do municipio e así se fixo, a “Muebles Pombo”, unha gran empresa do municipio de Oleiros que da traballo a veciños de Oleiros. Continúa decindo que, parécelle indignante dicir que se gastaron cartos na creación dun despacho .
- En canto á dobre moral na comparativa entre o urbanismo de Cambre e Oleiros, en canto ás manifestacións sobre o urbanismo de Cambre vertidas polo Alcalde.

Manifesto o Alcalde que, en Cambre non hai urbanismo, non hai nada, en Cambre hai un caos total e hai un goberno desastroso entre socialistas e independentes, un desastre de xestión que levaron a cabo estes anos todos alí. En Cambre se quixo recalificar un solo a dedo e nos non aceptamos e o Tribunal Supremo admite a tramite a demanda que presentou Oleiros por ser limitrofe con Cambre e Oleiros non é comparable con Cambre, porque aquí constrúese ao amparo dun Plan Xeral, en concreto en Cambre nunha soa finca de 20.000 m2 querían facer 190 vivendas, e as que están previstas entre Santa Cruz e Dorneda son 390 vivendas en 130.000 m2. E se queren preguntar sobre qué pasou en Viñas de Babilonia, pois para eso teñen vostedes o seu asesor e dirixente político neste municipio que foi o que levou adiante as negociacións con esa urbanización, D. Luis Vázquez, que tiña dous informes o día que se aprobou o Plan Xeral de Oleiros, un negativo e outro positivo e se non aceptabamos o que él decía –estaba en Santiago de Secretario Xeral-, non se aprobaba o Plan Xeral de Oleiros e polo tanto houbo que aceptar as 390 vivendas, así que pregúntenlle a él que o sabe perfectamente.

A esta manifestación, a concelleira do grupo municipal “socialista” D^a. **Carmen Acuña** di que sería estupendo que D. Luis Vazquez estivera aquí para poder contestarlle. O **Alcalde** contéstalle que xa estivo aquí e tuvo que marchar. Insiste que o propio grupo municipal “socialista” está a preguntar por un tema que D. Luis Vazquez lle impuxo ao Concello de Oleiros para poder aprobar o Plan Xeral, así coma noutros terreos como os do Orensano, no norte do municipio, se fixeron urbanizacións en terreos agrícolas con 40 vivendas hectárea e que senon non se aprobaba o Plan Xeral, ese é o socialismo dalgún de vostedes e esa é a política de Cambre, pero non son as miñas políticas e é mais, das 400 vivendas que podíamos facer xa lle rebaixamos case 100, porque revisamos o Convenio.

Neste intre o concelleiro do grupo municipal “socialista”, D. **Jesús Fernández** manifesta que, espera que todas estas explicacións de que houbo presións para a aprobación do plan xeral dunha determinada maneira sexan recollidas na acta pola Secretaría Accidental.

O Alcalde contéstalle que, sí serán recollidas e ademáis contestalle que xa o difamou pero o Alcalde denunciouno ante os tribunais e estes lle deron a razón ao alcalde.

- En canto ao Portal de Transparencia, di que están traballando neste tema indicando que en Oleiros non hai





CONCELLO DE
OLEIROS

nada que ocultar.

- En canto á falta de coherencia porque no pleno non deixa debater asuntos que non son de Oleiros e sen embargo nos paneis pon asuntos que non teñen que ver con Oleiros, o Alcalde contesta, como non vai poñer nos paneis o xenocidio que se está a cometer contra o pobo Palestino. Di que él é unha persoa con ideoloxía e defende a política dos palestinos e de todos os que loitan contra ese asasino de Israel e contra o terrorista de EEUU, pero nadie os califica como tales e antonte asasinaron a sete cooperantes e polo tanto aquí hai ideoloxía, humanidade e solidariedade.
- En canto a violencia de xénero, está en funcionamento a Policía Local e a Guardia Civil xunto con Servicios Sociais están facendo un traballo extraordinario no tema do cuidado das persoas que sofren violencia de xénero, temos 65 persoas protexidas neste momento no Concello de Oleiros.
- Respecto a que se gastan moitos cartos en programas de radio, pois eso é información, un dereito que lle dá aos Concellos a Lei e a obriga de informar aos veciños e veciñas do que acontece no Concello e aínda así gastamos poucos cartos, porque na Deputación na que está gobernando o PSOE pois hai uns dous millóns de euros para divulgación e información e aquí estamos a falar de 34.000 euros por informar aos veciños varias veces á semana en 5 emisoras do área metropolitana.

Intervén a concelleira do grupo municipal “socialista”, D^a **Carmen Acuña**, matizando que son a maiores dos que emprega o alcalde cos cartos da Deputación.

O alcalde contesta que esa matización non é verdade e dille que él está a falar da publicidade de Presidencia, porque as asignacións aos grupos políticos é outro tema e aí como grupo político téñenme que entregar unha aportación igual que ao resto de formacións. Si o PSOE leva 180.000 euros aproximadamente e o PP outra cifra similar, à miña formación recibe 30.000 euros e por iso, neses programas que non lles gustan os luns que son os máis candentes, onde traspaso a fronteira de Oleiros, porque no resto dos programas soamente falo de Oleiros, pero neste dos luns falo de toda a comarca e poño a cada un no seu sitio, gracias aos cartos que me teñen que dar por representación política, que non por publicidade e eu, invirtos os cartos en publicidade; podería facer comidas, podería facer viaxes e non o fago, o único que fago é informar aos veciños e veciñas con eses cartos, esa é a diferenza entre uns e outros.

- Respecto a que non é de recibo que os oleirenses teñan que pagar os camiños do parque das 13 rosas, contestarlle que cando se fai este parque óptase por un enxeñeiro boísimo que optou por que non asfaltáramos nin botáranos ningún tipo de aglomerado nin nada parecido nas sendas dese parque porque é un parque natural e foi unha boa idea pero o xabre, material que se botou, con todo o que choveu que foi moito, vai lavando as sendas e deixa as pedras ao aire e non se pode camiñar por todo o parque e hai moitas queixas, pero non sei si o que queren é que non lles faga caso aos veciños e veciñas, polo tanto temos que arranxar as sendas tal e como nos demandan a través dos correos electrónicos.

Intervén a concelleira do grupo municipal “popular”, D^a. **M^a Dolores Silva**, que esa reclamación tamén se fixo desde o grupo municipal popular pero o que pregunta é senón se lle pode reclamar á empresa. O Alcalde contesta que non se lle pode reclamar nada á empresa porque se lle contrataron uns camiños de terra e foi o





que fixeron, uns camiños de terra. Continúa dicindo que se van facer unas sendas dun material bo, no que non se resbale, xa que houbo moita xente que caeu, e vai quedar ben para que todo o mundo poida disfrutar dese parque maravilloso que fixo “Alternativa dos Veciños”. Neste intre preguntalle a concelleira do grupo municipal “socialista” D^a **Carmen Acuña**, se o fixo Alternativa dos Veciños ou o fixo o Concello, quen a pagou, se o pagou Alternativa dos Veciños; ao que o Alcalde resposta que o fixo a proposta de Alternativa dos Veciños, como todo o que se fai no Concello.

- Respecto á necesidade urxente dunha rede de saneamento contesta dicindo que o Concello xa ten un estudo onde hai máis de trescentos kilómetros de rede de saneamento, hai bombeos, hai case catrocentos kilometros de rede de auga, todo iso está estudiado. Estudio que parte del foi financiado pola Xunta de Galicia. Temos todos os plans e estamos ao día nesta materia e en breve imos mellorar parte da rede de auga, en San Pedro de Nos, en Oleiros e en Montrove, en base a ese Plan, non é un criterio da Alcaldía.
- Respecto á que se recollan literalmente as intervencións, non hai nada que contestar porque xa se contestou en varios plenos anteriores.
- Respecto que se mellore o estado xeral dos contedores de lixo, dicir que o Concello está no Consorcio, di que nunha reunión presentaron unha factura de trescentos mil euros e o Concello non a vai pagar ata que o Consorcio faga un estudio no que se demostre por parte do Consorcio á empresa que non está cumprindo o contrato, que non se lavan os contedores, que hai contedores rotos... Polo tanto o Concello non vai pagar á empresa. O Presidente do Consorcio o que ten que facer é reclamarlle a empresa que cumpra o contrato. A continuación o Alcalde contesta aos rogos e preguntas do voceiro do grupo mixto BNG.
- Respecto á situación do IES María Casares contestouna en parte a concelleira do grupo municipal “popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, e por parte do Concello contestar que a concelleira está pendente deste tema de xeito continuado e incluso recibindo a pais e nais afectados por ese problema.
- Respecto á Rúa da Frauta, tomamos nota e requeriremos ás empresas que o teñen que facer obrigatoriamente en galego.
- Respecto ao espello na zona de “Sol y Mar” non se vai poñer, xa que estamos a reurbanizar toda esa zona, todas as rúas que dan á N-VI, mellorando para que nas saídas non haxa problema ningún, que non haxa accidentes e na parte alta de Perillo que se rematou agora o colector de auga de pluviais tamén se vai reordenar toda esa zona e polo tanto non se vai colocar o espello. Engade que, neste Concello non teñen sorte os espellos, porque son o blanco dos rapaces e ao día seguinte de colocar un, xa o rompen.
- Respecto ao tema das prendas ou obxectos esquecidos nas piscinas, xa se lle dixo á empresa na pandemia, que calquera prenda ou obxecto que quede alí esquecido non pode estar so 24 horas, ten que estar unha semana como mínimo para que alguén o poida reclamar e ten un local pechado no sótano onde pode depositar esas cousas, pero imos lembrarllo á empresa novamente.
- Respecto á subida do recibo do lixo, o alcalde contesta que a él tamén lle pareceu escandaloso cando se trouxo ao pleno a proposta para subir o 35% a taxa do lixo, porque o Presidente do Consorcio mentras había recursos, ía gastando, pero xa se gastou todo, non hai recursos e agora empéñase e pide cartos para pagar o lixo, porque





CONCELLO DE OLEIROS

agora o tratamento do lixo custa máis do que se está a cobrar aos veciños e veciñas. Desde o ano 2009 non se revisou a taxa, algo que se tiña que ter feito anualmente ou cada dous anos e ir incrementando gradualmente para que agora non houbera unha subida do 35%, xa que só a subida do IPC conleva esta subida. Aínda así este ano non, pero para o 2025 haberá problemas para manter o servizo da recollida de lixo senón se incrementa outra vez a taxa.

- Respecto a que Oleiros foi o terceiro concello en importe de obra pública con 17,4 millóns de euros licitados, e pregunte si é un síntoma de benestar para a cidadanía, o alcalde contesta que lle estraña que a pregunta a faga o BNG, él pensa que si, que claramente é un síntoma de benestar porque cando fas obras estas facendo servizos para a cidadanía e polo tanto a veciñanza espera por eses servizos.
- Respecto ás vivendas de prezo taxado, o alcalde contesta que hoxe mesmo veu o promotor interesado nas tres parcelas onde se prevé a construción das vivendas, reguladas cunhas condicións determinadas, porque nunha das parcelas hai que modificar o Plan, para crear vivendas na parte baixa do edificio, en concreto en Mera e polo tanto vai levar esa reforma e se lle poida adxudicar esas tres parcelas a esta empresa. Continúa explicando que na web do Concello está colgado un preformulario onde a xente que esté interesada pode inscribirse e levamos de toda a comarca 600 solicitudes en 2 días, demanda que debería coñecer a Xunta de Galicia. Primeiro fálase coa veciñanza de Oleiros, e senón queren pois fálase cos doutros Concellos, xa que as vivendas se fan para que as ocupe alguén. O alcalde continúa preguntándose de onde saca o concelleiro do BNG que haberá mil persoas máis en Mera, porque manifesta que iso non é verdade, porque unha cousa é o Plan Xeral que prevé vivendas e urbanizacións e outra é a ocupación das vivendas; en Mera dase a circunstancia que gran parte das vivendas que están facendo en Canide estanse vendendo a persoas que son, ou ben de Mera, que están noutras localidades e veñen no verán ou persoas que lles gusta Mera de sempre, sobre todo xente de Madrid, pero eso non quere dicir que vaian a residir en Mera todo o ano. Cando acaben as obras pasaran dous anos e non vai ser mil persoas.
- Respecto as vivendas baleiras, segundo o INE 19.268 vivendas das cales un 18% están baleiras en Oleiros, o alcalde contesta que respecto ás vivendas privadas, non se vai facer nada, porque o Concello non lle vai dicir aos veciños e veciñas o que teñen que facer coas súas vivendas ou obrigarlle a alugar a súa vivenda. A ningún veciño ou veciña de Oleiros o alcalde lle vai a dicir o que ten que facer coa súa vivenda, porque igual o teñen para os seus fillos e fillas que traballan fora e que veñen no verán e disfrutan desas vivendas ou alugan no verán. O única política que se vai seguer en Oleiros é a de construír vivendas e falar coa Xunta de Galicia que se quere construír vivendas, Oleiros ten solares para ofrecerlle. Di o alcalde que o outro día en Santiago, Oleiros foi a estrela e todos os que estaban na mesa eloxiaban a Oleiros porque querían falar do bo, foi un orgullo observar desde o público como falaban de Oleiros, ademais falou coa Conselleira, da que ten moi bo concepto, dos temas de vivenda, cabe a posibilidade de iniciar nun futuro algo nese senso por parte da Xunta, pero de momento non hai nada.
- Respecto ao PMUS Oleiros está moi adiantado ao PMUS porque está executado máis do 50% do que prevé o PMUS, hai que recollelo estes días e o alcalde levantará un reparo para poder pagarlle a factura á empresa por





CONCELLO DE
OLEIROS

que hai un informe de intervención que estima que non procede pagarlle a empresa neste momento, pero vaise levantar o reparo porque vaise usar ese documento para funcionar como é debido, porque sen o PMUS o Concello non pode reclamar á Comunidade Europea algunhas subvencións e o Concello non pode seguir nesta línea.

Sen máis asuntos que tratar o alcalde dá por rematada a sesión ás 21.45 h., para deixar constancia dos acordos tomados e do acontecido estendo esta acta en trinta (30) páxinas e que eu, como secretaria, certifico. Dou fe; Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na propia sinatura da secretaria accidental e co visto e praxe do alcalde.

